

# CS Mantemento electrónico

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Manter e reparar equipamentos e sistemas electrónicos, profesionais, industriais e de consumo, así como planificar e organizar os procesos de mantemento, con criterios de calidade, aplicando a normativa e os plans de prevención de riscos laborais e ambientais.

En que ámbitos se traballa? Empresas do sector servizos, tanto privadas como públicas, dedicadas ao mantemento e a reparación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións, sistemas microprocesados, redes de banda larga, telemática e radiocomunicacións, así como equipamentos industriais e profesionais de audio e vídeo, por conta propia ou allea.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas de radio e televisión, e sistemas de produción audiovisual; técnico/a en reparación e mantemento de sistemas de radio e televisión, e sistemas de produción audiovisual; técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas de radiodifusión; técnico/a en reparación e mantemento de sistemas de radiodifusión; técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de sistemas domésticos, inmóticos e de seguridade electrónica; técnico/a en reparación e mantemento de sistemas domésticos, inmóticos e de seguridade electrónica; técnico/a en supervisión e verificación de equipamentos de redes locais e sistemas telemáticos; técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos de redes locais e sistemas telemáticos; técnico/a en supervisión, verificación e control de sistemas de radioenlaces; técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos profesionais de audio; técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos profesionais de vídeo; técnico/a en reparación e mantemento de equipamentos industriais.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1051	Circuitos electrónicos analóxicos	266
1º	MP1052	<b>Equipamentos microprogramables</b>	240
1º	MP1061	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1055	<b>Mantemento de equipamentos de electrónica industrial</b>	160
1º	MP1058	Técnicas e procesos de montaxe e mantemento de equipamento electrónico	187
2º	MP1062	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1063	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1059	Infraestruturas e desenvolvemento do mantemento electrónico	70
2º	MP1056	<b>Mantemento de equipamentos de audio</b>	105
2º	MP1053	<b>Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións</b>	140
2º	MP1057	<b>Mantemento de equipamentos de vídeo</b>	122
2º	MP1054	<b>Mantemento de equipamentos de voz e datos</b>	140
2º	MP1060	Proxecto de mantemento electrónico	26

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico superior en mantemento electrónico.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1052	Equipamentos microprogramables.	UC1823_3	Manter os equipamentos con circuitos de electrónica dixital microprogramable.
MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións.	UC1572_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de estacións base de telefonía.
MP1054	Mantemento de equipamentos de voz e datos.	UC1574_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento dos sistemas de telecomunicación da rede telefónica.
		UC1824_3	Manter os equipamentos de telecomunicación.
MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial.	UC1825_3	Manter os equipamentos electrónicos de potencia e control.
MP1056	Mantemento de equipamentos de audio.	UC1826_3	Manter os equipamentos de imaxe e son.
MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo.		

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1823_3	Manter os equipamentos con circuitos de electrónica dixital microprogramable.	MP1052	Equipamentos microprogramables.
UC1572_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento de estacións base de telefonía.	MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións.
UC1574_3	Xestionar e supervisar os procesos de mantemento dos sistemas de telecomunicación da rede telefónica.	MP1054	Mantemento de equipamentos de voz e datos.
UC1824_3	Manter os equipamentos de telecomunicación.		
UC1825_3	Manter os equipamentos electrónicos de potencia e control.	MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial.
UC1826_3	Manter os equipamentos de imaxe e son.	MP1056	Mantemento de equipamentos de audio.
		MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo.

**Nota:** Os módulos profesionais MP1058: técnicas e procesos de montaxe e mantemento de equipos electrónicos e MP1059: infraestruturas e desenvolvemento do mantemento electrónico validaránse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.